

Que é REGAVID?

Nas actuais condicións de cambio climático, incluso en zonas temperadas como Galicia onde se observa unha tendencia á baixa das precipitacións, é fundamental o desenvolvemento dunha **estratexia de regadío sustentable** que facilite o uso eficiente da auga de rega.

REGAVID é un Grupo Operativo que busca implantar unha ferramenta que permita modelar as necesidades hídricas reais do cultivo a partir dos datos de sensores de humidade do solo, estacións meteorolóxicas e previsións meteorolóxicas da zona e poder prever as necesidades hídricas futuras do rego.

Quen son os destinatarios de regavid?



Adegas e cooperativas



Consellos Reguladores da Denominación de Orixe



Fabricantes de maquinaria e tecnoloxías relacionadas co sector



Viticultores particulares



Administracións públicas relacionadas coa agricultura, o medio ambiente e/ou o desenvolvemento rural



Centros de investigación e público en xeral



Regavid

Queres saber máis sobre REGAVID?

Para saber máis sobre o proxecto piloto REGAVID podes enviar un correo electrónico a debora@monet-ti.com ou lloret@feuga.es ou chamarnos aos teléfonos 659 101 888 ou 681 042 375.




Regavid

Ferramenta de xestión da rega que avalía as necesidades hídricas actuais do viñado e predí as futuras

Orzamento total: 180.000,00 € Subvención: 180.000,00 € Cofinanciación UE: 75% FEADER

REGAVID está financiado polas axudas para a execución de grupos operativos da Asociación Europea de Innovación (AEI), cofinanciadas nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Orzamento total 180.000,00 € (100 % subvencionado). A Consellería de Medio Rural é o órgano da Administración galega ao que lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais no ámbito rural, e engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación do territorio, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais.



Obxectivos do proxecto

O obxectivo xeral deste proxecto é o desenvolvemento dunha ferramenta de xestión do rego que permita determinar as necesidades hídricas actuais do viñedo e predicir as futuras necesidades hídricas.



Resultados esperados de REGAVID

Como resultado de todo o traballo realizado, obterase un modelo que permitirá caracterizar a resposta dos sensores en función dos distintos valores de contido de auga no solo e realizar un axuste efectivo do coeficiente de cultivo (k_c) a partir das medidas realizadas en campo. Estes resultados permitirán desenvolver un modelo de necesidades hídricas do viñedo.

Ademais do modelado das necesidades hídricas actuais, desenvolverase un modelo de predición a 7 días da evapotranspiración de referencia (ET_0) e do coeficiente de cultivo (k_c), o que permitirá calcular os requirimentos hídricos do viñedo no futuro.



Actividades REGAVID

- 

1 Definición de zonas de estudo (tamaño de unidades de actuación e número de sensores a instalar), zonificación con mapas de condutividade eléctrica aparente e análise de chan.
- 

2 Instalación de equipamentos (sondas de solo, puntos de control TDR e contadores de control de volume de auga aplicado) e avaliación do sistema de rego.
- 

3 Definición de tratamentos (zona de secano, zona con rego habitual da adega, zona con rego indicado pola ferramenta a desenvolver no proxecto).
- 

4 Medicións do contido en auga do solo con sondas TDR.
- 

5 Controis no campo (equilibrio de carga, seguimento de fenoloxía e prácticas agronómicas, caracterización do dosel vexetal, determinación de superficie foliar exposta, seguimento de maduración, avaliación de produción e análise de mostos).
- 

6 Desenvolvemento de modelos (correlación de medidas de sensores e medidas TDR, axuste do coeficiente de cultivo, modelado de necesidades hídricas actuais, modelos de predición a 7 días de evapotranspiración de referencia e coeficiente de cultivo) e desenvolvemento da ferramenta de xestión do rego.
- 


7 Execución do plan de divulgación (transferencia dos resultados aos sectores e realización de accións de divulgación).

Quen conforma REGAVID?

REGAVID está formado por un equipo multidisciplinar de entidades galegas especializadas en viticultura, hidráulica e hidroloxía e tecnoloxías aplicadas ao sector primario. No equipo, liderado pola empresa **Monet Tecnoloxía e Innovación**, están representados o sector vitivinícola (**Martín Códax**), unha Universidade pública (**Universidade de Santiago de Compostela**, a través do **Grupo de investigación PROEPLA** (Proxectos e Planificación)) e un axente de innovación tecnolóxica (Fundación Empresa – Universidade Galega (**FEUGA**)).



Martín Códax



feuga fundación empresa universidade galega

